



**PROPOSTA DE ADDENDA AO ACORDO ASINADO, O 11 DE OUTUBRO DE 2023 ENTRE AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS CC.OO., ANPE E UGT-SP ENSINO E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA (ACTUAL CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL), SOBRE MEDIDAS QUE MELLORAN O FUNCIONAMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO E AS CONDICIÓN LABORAIS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DOCENTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE IMPARTE AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.**

O 11 de outubro de 2023, as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino asinaron coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia (actual Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) un acordo sobre medidas para a mellora do funcionamento do sistema educativo e das condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Este acordo foi autorizado polo Consello da Xunta na súa reunión do 7 de decembro de 2023.

Mediante a Resolución do 10 de xaneiro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o citado acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 12, do 17 de xaneiro de 2024.

O 9 de decembro de 2025 formalizouse a adhesión da organización sindical CSIF ao referido acordo.

No marco deste acordo e das funcións atribuídas á comisión de seguimento, veñen desenvolvéndose actuacións de análise, avaliación e interpretación orientadas a favorecer a súa correcta aplicación e desenvolvemento.

No seo da comisión de seguimento e tras o proceso de diálogo desenvolvido entre a Administración educativa e as organizacións sindicais CC.OO. Ensino, ANPE, UGT-SP Ensino e CSIF, acadouse un consenso para modificar o calendario de aplicación dos rateos máximos nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.

Por todo o anterior, as partes asinantes acordan elevar á Mesa Sectorial modificar o apartado 2.1.3 do acordo, que queda redactado nos seguintes termos:

*"2.1.3. Reducir o número máximo de alumnado por aula nas ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, que quedará fixado en:*



- 25 alumnos/as por unidade na ESO, en todos os centros sostidos con fondos públicos.
- 30 alumnos/as por unidade en Bacharelato.

*Estas medidas aplicaranse de forma progresiva a partir do primeiro curso da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria no curso 2028/2029.*

*Establécese un período transitorio para a aplicación desta medida na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria ata o curso 2031/2032, incluído. Durante este período, os centros educativos poderán manter as rateos máximos vixentes establecidos na normativa estatal, sempre que así o acorde a maioría do Consello Escolar.”*

BORRADOR